

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL DAS CRIANZAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA O MES DE AGOSTO NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN ALDEA DE VERÁN 2023

ANTECEDENTES

Con data 28 de xuño, finalizado o prazo de alegacións, apróbase por decreto nº 2023-0407 a listaxe de crianzas preadmitidas para o mes de agosto no programa de conciliación “Aldea de verán 2023” por teren sido admitidas no mes de xullo e solicitar ambos meses nun primeiro momento. Apróbase no mesmo decreto, así mesmo, a relación de crianzas excluídas do mes de xullo que non necesitan volver presentar solicitude no mes de agosto por telo así indicado nesta primeira solicitude.

Con data 16 de xullo, finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e tendo en conta o recollido nos requisitos e criterios de participación no programa de conciliación “Aldea de Verán 2023” onde se especifica:

“O programa está dirixido a crianzas cunha idade comprendida entre 3 e 12 anos, que estean escolarizadas no 2º Ciclo de Educación Infantil ou na etapa de Educación Primaria.

*A **prioridade de admisión na actividade** será, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello e respectando a seguintes grupos e criterios de prioridade:*

Grupo 1: Familias empadroadas no Concello de San Sadurniño:



Concello de San Sadurniño

1º criterio: Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

2º criterio: Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

3º criterio: Que non cumpran ningunha condición das mencionadas nos puntos anteriores.

Grupo 2: Familias non empadroadas no Concello de San Sadurniño, con vinculación laboral co municipio:

1º criterio: Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

2º criterio: Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

Grupo 3: Familias non empadroadas no Concello de San Sadurniño, con crianzas matriculadas no CPI de San Sadurniño:

1º criterio: Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

2º criterio: Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

3º criterio: Que non cumpran ningunha condición das mencionadas nos puntos anteriores.

Grupo 4: Familias solicitantes tomando como como



Concello de San Sadurniño

referencia unicamente a data de inscrición.

En cada un dos casos anteriores, sempre terán preferencia as solicitudes que demanden o servizo para o horario de 8:30 horas a 9:30 horas e con asistencia a actividade con carácter mensual, sobre quen solicite o servizo por quincenas ou para o horario de 9:30 a 14:30 horas.

Existirán 2 prazas reservadas para derivacións dos servizos sociais ou casos de urxencia por motivos sociofamiliares ou económicos.”

ademais do expresado anteriormente, contabilízanse en total 21 solicitudes para participar no mes de agosto no programa de conciliación “Aldea de verán 2023” que corresponden con:

- 7 solicitudes empadroadas no Concello de San Sadurniño (Grupo 1)
- 2 solicitudes con vinculación laboral no Concello de San Sadurniño (Grupo 2)
- 6 solicitudes con crianzas matriculadas no CPI San Sadurniño (Grupo 3)
- 6 solicitudes sen ningunha vinculación co Concello de San Sadurniño (Grupo 4)

Con data 20 de xullo existe informe técnico da Axente de Igualdade do Concello onde se propón a relación provisional de crianzas admitidas para o mes de agosto no programa de conciliación “Aldea de verán 2023”.

En base ó anteriormente exposto e ás competencias desta Alcaldía,

RESOLVO:



Concello de San Sadurniño

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de crianzas admitidas para o mes de agosto no programa de conciliación “Aldea de verán 2023”, é a seguinte:

RELACION PROVISIONAL DE ADMISIONS ALDEA DE VERÁN 2023 (MES DE XULLO)	
NOME E INICIAIS	TIPO DE PREFERENCIA
Manuel M.P.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
Roy G.P.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
Iker B.M.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
Hugo B.M.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
María P.V.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
Xermán R.C.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
Diogo R.C.	Empadramento no Concello de San Sadurniño
Juan A.F.	Vinculación laboral co concello
Daniel V.L.	Vinculación laboral co concello
Miriam D.F.	Matrícula no CPI San Sadurniño
Blanca R.I.	Matrícula no CPI San Sadurniño
Lucía R.I.	Matrícula no CPI San Sadurniño
Leo T.G.	Matrícula no CPI San Sadurniño
Lum B.P.	Matrícula no CPI San Sadurniño
Edel. B.P.	Matrícula no CPI San Sadurniño
Steven F.A.	Sen vinculación co concello
Borja M.P.	Sen vinculación co concello



Concello de San Sadurniño

Ainhoa P.G.	Sen vinculación co concello
Alicia R.R.	Sen vinculación co concello
Fernando V.L.	Sen vinculación co concello
Marta V.L.	Sen vinculación co concello

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de 2 días hábiles a partir do día seguinte da publicación da presente resolución da listaxe provisional no Taboleiro do Concello de San Sadurniño para a presentación das reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitiva a listaxe no caso de non existiren.

TERCEIRO.- Establecer o día venres 28 de xullo ás 19:00 horas como data na que terá lugar na Casa da Xuventude unha reunión informativa sobre o funcionamento do programa de conciliación “Aldea de verán 2023” e resolución de dúbidas para as familias, en aras de considerar un prazo necesario para resolver no caso de que existan reclamacións sobre a presente lista.

Asinado dixitalmente á marxe polo Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño D. Secundino García Casal do que eu, Olalla Alvarez de Neyra Martínez, como Secretaria-Interventora, dou fe.

